

Comité Técnico da Federación Galega de Atletismo

Competencias dos membros do Comité Técnico da FGA

Os membros do Comité Técnico da Federación Galega de Atletismo, tanto os Responsables de Sectores, como o Coordinador e Secretario Técnico serán nomeados polo Presidente da F.G.A, quen presidirá o Comité.

As competencias dos Responsables de Sectores son:

1. Planificar as competicións (controis) do seu sector en estreita colaboración cos adestradores do seu sector co obxecto de optimizar a calidade das competicións ofertadas aos atletas.
2. Confeccionar a proposta do Calendario galego anual, en sintonía coa Comisión de Clubs, que se elevará á Xunta Directiva da FGA para a súa posterior presentación á Asemblea Xeral ou, en caso de posibles modificacións, á Comisión Delegada.
3. Confeccionar as actas das reunións do Comité Técnico
4. Planificar e dirixir as concentracións, tanto sectoriais como zonais, realizadas en cada tempada.
5. Convocar e dirixir reunións técnicas cos adestradores do seu sector.
6. Establecer os criterios de selección e valorar o conxunto dos mesmos para elixir aos atletas que integrarán as diferentes Seleccións Galegas.
7. Realizar un seguimento sobre a evolución dos principais atletas que integran cada un dos seus sectores.
8. Nomear aos técnicos adxuntos e colaboradores do seu sector
9. Establecer as normas técnicas (marcas mínimas, criterios de participación... etc) dos Campionatos Galegos
10. Desenvolver o Plan Galego de Tecnificación nos seus diferentes sectores
11. Propor e desenvolver proxectos de promoción atlética
12. Calquera outra asignada polo Presidente da FGA.

As competencias do Coordinador Técnico do Comité son:

1. Coordinar cos diferentes Responsables de Sectores todas as actividades desenvolvidas: concentracións, reunións, seleccións galegas...
2. Coordinar entre a Comisión de Clubs e o Comité Técnico a proposta anual do Calendario á Xunta Directiva da FGA.
3. Coordinar coas Delegacións da FGA a oferta de competicións realizadas nas mesmas

As competencias do Secretario Técnico son as de:

1. Confeccionar as Normas Técnicas de cada tempada, conforme ós acordos adoptados no Comité ou da Xunta Directiva da FGA.
2. Confeccionar las actas de las reuniones del Comité Técnico

Compoñentes

- Directora: Madó González Fernández
- Velocidade: Carlos Tuñas Dugno
- Valados: Vicente Veiga Doldán
- Medio Fondo: Manuel Vigo Otero
- Fondo: Santiago Saco
- Marcha: Óscar Fernández
- Saltos verticais: Santiago Ferrer Alonso
- Saltos horizontais: Mario González Rodríguez
- Lanzamentos (peso, disco e xavalina): Raimundo Fernández Vázquez
- Lanzamentos (martelo): Jose Manuel Hermida
- Probas combinadas: Julio Ventín Rivas